

- **Título da evidencia:** Traballo práctico final de Folla de Cálculo (LibreOffice Calc)

- **Tipo de evidencia:** Ferramenta de avaliación

- **Autor:** Francisco Argüeso Alejandro

- **Departamento:** Tecnoloxía (2º ESO) (afín)

- **Recurso de IA utilizado:** ChatGPT

- **Breve resumo da actividade:**

Deseñouse un traballo final de avaliación para o alumnado de 2º de ESO na materia de Tecnoloxía, como peche das prácticas realizadas con LibreOffice Calc. O traballo consistiu na elaboración dun orzamento doméstico sinxelo, incluíndo ingresos, gastos e gráficas, aplicando fórmulas, referencias absolutas e relativas, así como o formato condicional. Os contidos avaliados foron: uso básico de follas de cálculo, organización de datos, operacións matemáticas e representación gráfica.

- **Reflexión sobre a aplicación da actividade na práctica docente:**

A proposta xerada coa axuda de ChatGPT resultou útil, ao conectar a ferramenta cun aspecto cotidiano habitual. O impacto foi positivo: o alumnado implicouse activamente, comprendendo a utilidade práctica do que aprenderan. A vantaxe principal foi a contextualización realista da tarefa. Como dificultade, houbo que axustar o nivel dalgúns apartados para que fosen asumibles para todo o grupo. A actividade é facilmente replicable en cursos vindeiros, e prevese a súa implementación regular como ferramenta.